

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15015743	Arcebispo Xelmírez I	Santiago de Compostela	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMS	Imaxe e son	CMIMS01	Vídeo disc-jockey e son	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1300	Control, edición e mestura de son	2023/2024	9	157	188

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	JAVIER RAMOS VIEIRO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O título de técnico en Vídeo Disc-jockey e Son aparece catro anos despois da aprobación da Lei Orgánica de Educación (LOE) que declaraba como principio rector no seu preámbulo a regulación legal do ensino non universitario a la realidade actual de España baixo criterios de calidade educativa e igualdade de oportunidades, para a transmisión e efectividade de valores de liberdade, responsabilidade, tolerancia e respecto. O ciclo xurdía ademais nun momento de intensa transformación no eido socioeconómico ao que se dirixen as ensinanzas profesionais da familia de imaxe e son, marcado pola irrupción masiva das conexións de datos de alta velocidade que impoñen definitivamente cambios no modelo productivo derivados da dixitalización irreversible dos procesos de creación, comercialización e consumo das industrias culturais. En 2004 Ben Hammersley publicaba en The Guardian Audible Revolution, célebre artigo no que facía eco das novas tendencias de emisión radiofónica por redes de datos e no que creaba o neoloxismo podcast. En febreiro de 2005 aparecía en liña por primeira vez Youtube, e se celebra a primeira edición do festival Tomorrowland. En 2006 Spotify recollía o testemuño de Napster como gran revolución na difusión de música dixital, e en 2009, por vez primeira na historia, o sector dos videoxogos factura no mercado global un montante de negocio superior á facturación da industria cinematográfica.

A Comunidade Autónoma de Galicia, no exercicio do seu ámbito competencial educativo, regula o currículo oficial deste ciclo formativo de grao medio través do decreto 200/2013 de 27 de decembro (DOG nº 62) No texto, o perfil profesional que procura formar o currículo descríbese como unha persoa capaz de realizar sesións de animación musical e visual en vivo, ademais de ser hábil na captación de son en distintos proxectos, mestura de son en directo e gravación e reprodución en todo tipo de proxectos sonoros.

As competencias profesionais, persoais e sociais asociadas a este currículo procuran por tanto unha formación integrada dun profesional de alta polivalencia no sector da animación musical e visual en vivo; capaz tamén de efectuar labores de captación, gravación e mestura directa de son en calisquera tipo de proxecto sonoro, competente tanto no campo de espectáculos en directo como en producións audiovisuais e multimedia, empresas discográficas ou radiofónicas, instalacións fixas de sonorización ou eventos múltiples que requiran reforzo de son e apoiatura de imaxe.

No poliedro que constitúe a realidade socioeconómica galega, apenas é posible esaxerar a importancia da música, entendida esta tanto na súa pura vertente cultural como en tanto actividade económica con pleno sentido productivo e comercial. En tanto unha das comunidades autónomas con maior densidade de espectáculos culturais, eventos, actividades de lecer e industria musical, a estrutura do tecido productivo galego neste eido demanda e esixe un amplo repertorio de habilidades, permitindo a capilarización dos titulados en empresas de pequeno e medio tamaño pero alta intensidade laboral, en produtoras de grandes eventos ás ordes de persoal técnico superior ou mesmo en proxectos de emprendemento propios. A industria do espectáculo musical ao vivo amosa na actualidade unha expansión acelerada, nun clásico "efecto rebote" causado pola derogación das restricións sanitarias derivadas andazo da COVID-19, xunto cun certo momento social no que é vontade dunha grande maioría da poboación recuperar o tempo de lecer perdido durante a pandemia. As infraestructuras efémeras de sonorización amosan unha evolución moi rápida, e grupos orquestais da contorna inmediata do alumnado inclúen xa pirotecnia, números acrobáticos suspendidos en altura; line-arrays volados ou arreglos de sub-graves agachados baixo os palcos escénicos; despliegues técnicos ata hai poucos anos só ao alcance das grandes xiras de grupos de nivel internacional; un ambiente tan fascinante como cheo de múltiples novas variables que é imprescindible que o técnico teña baixo control.

Control, Edición e Mestura de Son (MP1300, Anexo I, 1.1) prográmase para o segundo ciclo do curso, momento o alumnado que xa superou as materias do primeiro ano afianza os seus coñecementos máis avanzados para preparar a súa incursión no mundo laboral través do módulo FCT. Naqueles destinos máis directamente vencellados á sonorización tanto en vivo, en entorno estudio ou audiovisual, o módulo incide en habilidades e contidos cruciais para desenvolver un traballo competente en tal ámbito laboral, polo que se comprende a súa importancia capital no plano formativo da titulación.

O verán de 2022 demostrou que a recuperación do sector do audio en vivo foi explosiva, "rebotando" respecto ao parón sectorial mor do andazo de COVID-19. A demanda dun número crecente de profesionais tanto na técnica, na montaxe escénica coma na parte artística foi tal que a carga de traballo asumida polos profesionais foi en ocasións excesiva debido á falta de persoal cualificado. O demandante ritmo de traballo culminou en accidentes como o derrubo da cuberta do escenario principal do festival Son do Camiño no Monte do Gozo (Compostela) accidente no que, entre outros factores, a premura nos prazos sumada á falta de profesionais cualificados foi decisiva. É de agardar que a tendencia a recuperar os grandes espectáculos en vivo se manteña, tanto por parte da oferta como por parte de alta demanda agregada por parte do público, co que cómpre redobrar esforzos pedagóxicos por parte da formación profesional para que o alumnado afronte con garantías estes desafíos unha vez integrado na vida laboral do sector.

Por todo isto, a secuencia proposta para as unidades didácticas da materia procura dar unha estrutura coherente e progresiva aos coñecementos e aptitudes imprescindibles no sector do son. Comézase polos rudimentos de funcionamento e seguridade eléctricos, a seguir coa fabricación e mantemento do cableado de audio (no que se fai especial fincapé na soldadura con estaño, habilidade moi demandada no sector do audio), as técnicas de rigging e transporte dos sistemas de son, o conexiónado entre os equipamentos e, finalmente, a posta en escea dos mesmos atendendo aos condicionamentos do espazo escénico concreto do espectáculo, incluíndo rudimentos de axustes de sistemas fundamentais vía análise FFT.

O IES Xelmírez I, herdeiro do antigo Instituto de Santiago, constitúe un dos centros educativos máis senlleiros de toda a rede de educación pública de Galicia, toda vez que ven de celebrar en recentes datas o seu 175 aniversario. Ubicado actualmente no centro da cidade, próximo ao Campus Sur, asume alumnado dende 1º de Ensino Secundario Obrigatorio ata 2º curso de bacharelato, incluíndo o réxime completo de formación para adultos en tódolos niveis e titulación de formación profesional básica, ademais do propio ciclo de VideoDj en réxime ordinario e modular. Esta grande oferta educativa tradúcese nun alumnado moi numeroso e de perfil moi diverso, non só en rango de idade e dispares traxectos educativos. Se ben é o alumnado da área urbana da capital galega o que prevalece no réxime diurno de secundaria e bacharelato, o ciclo formativo acolle procedencias do ámbito rural e pequenas vilas da comarca e mesmo de fóra de Galicia, en moitos casos implicando un investimento económico e esforzo persoal elevado, que deben seren en xustiza correspondidos pola calidade da formación recibida.

Incluíndo os tres grupos que configuran a comunidade educativa do ciclo (1º e 2º cursos de réxime ordinario máis o curso de réxime modular) o alumnado total do ciclo abrangue unhas sesenta persoas, entre as que o perfil maioritario é de perfil socioeconómico medio e medio-baixo; habitualmente mozos e mozas de 16 anos de idade que cursan co gallo de ter acceso a ciclo superior ou ben alumnos que superaron o bacharelato e que procuran inserción laboral directa no eido do espectáculo en vivo. O perfil do estudantado é eminentemente masculino, con presenza de entorno un 15-20% de mozas nunha ratio que sen embargo presenta unha tendencia claramente en ascenso durante os últimos cursos académicos. Esta situación presenta necesidades pedagóxicas singulares que serán debidamente desenvolvidas nas medidas de atención á diversidade.

O ciclo dispón de tres espazos de uso que lle son propios; unha aula de fasquía convencional, na que ten lugar o groso da formación do primeiro curso, unha aula na que un espazo de traballo cun pequeno truss partilla delimitación cun aula convencional e unha aula técnica insonorizada cun amplo estudo dotado de paneis de acondicionamento móbiles e dous estudos de control.

Tal e como prevé o decreto 200/2013 nas súas orientacións pedagóxicas (1.3.5), para unha mellor eficacia no funcionamento conxunto do currículo e dada a importancia de que se alcancen os resultados de aprendizaxe establecidos, o módulo haberá de ser desenvolvido en estreita coordinación cos módulos MP1298 (Instalacións e Montaxe de Equipamentos de Son), MP1301 (Preparación de Sesións de Vídeo-Discjockey) e MP1303 (Animación Visual en Vivo) Será de especial énfase a proposta de actividades intermodulares cando o permita o currículo, integrando o esforzo do alumnado en proxectos articulados e coherentes que permitan resultados máis próximos ao produto real así como non reiterar conceptos xa estudados con solvencia nos módulos de primeiro curso.

Esta programación atende nas súas directrices ao corpo de lexislación vixente na Comunidade Autónoma de Galicia no uso da súa competencia de organización do ensino no seu territorio, nomeadamente:

Na elaboración deste documento atenderanse as directrices establecidas nas diferentes normas legais vixentes na Comunidade Autónoma de Galicia, dispoñendo esta administración da competencia plena no regulamento e a administración do ensino no territorio, de acordo co artigo 31 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

A Lei orgánica 3/2022 de Ordenación e integración da FP

- A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- A Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable, e a Lei orgánica 4/2011, do 11 de marzo, complementaria da Lei de economía sustentable, que introducen modificacións na Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, e na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.
- O Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, e que determina nos seus capítulos III e IV, a estrutura que deben seguir os currículos e os módulos dos ciclos formativos.
- O Real Decreto 1147/2011 do 29 de xullo, que no seu artigo 8 establece a competencia das administracións educativas de cada Comunidade Autónoma na adaptación dos contidos dos títulos conforme á realidade socioeconómica da súa rexión.
- O Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- O Real Decreto 556/2012, do 23 de marzo, polo que se establece o título de técnico en Vídeo Disc-jockey e Son e se fixan as súas ensinanzas mínimas.
- O Decreto 200/2013, do 27 de decembro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Vídeo Disc-jockey e Son, ao que se remite este documento.
- A Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Documentación técnica do espectáculo escénico	Interpretación e elaboración de rider, contrarider, stage plot, escaleta e outros documentos estandarizados	10	3
2	Nocións de sonometría	Lectura deductiva de vúmetros, picómetros e medicións estadísticas de audio	10	3

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
3	A mesa de mestura de son: tipoloxía, topoloxía e operacións	Estructura e tipos de mesturadores de son e interfaces, e o seu emprego no espectáculo en vivo	12	10
4	Sistemas DAW no entorno estudio: Steinberg Cubase	Lóxica e fluxo de traballo da edición dixital de audio, singularmente na gravación e edición en entornos acústicos de alta calidade	20	10
5	Procesadores de sinal I: compresores e moduladores dinámicos	Modificación do sinal en rango dinámico, compresión da envolvente ADSR e coitado de transitorios	20	9
6	Procesadores de sinal II: dominio frecuencial	Modificación do sinal en ecualizadores paramétricos e semiparamétricos, ecualización substractiva e aditiva	20	9
7	Procesadores de sinal III: dominio temporal	Modificación do sinal en reverberación, delay e outros procesos de xestión en inserto	20	9
8	Control de son FOH	Xestión da entrega ao público do programa musical do espectáculo en vivo	20	10
9	Subsistemas de monitoraxe escénica: deseño, cobertura e timbrado	Xestión da entrega aos intérpretes do retorno a escena do sinal do espectáculo en vivo; front fill, side fill, sistemas in ear e outras variantes	20	10
10	Coloración de sala e criterios de mestura técnicos e estéticos	Modos propios, equilibrio tonal espacial, SBIR, rudimentos de axustes de sistemas e estética musical do espectáculo en vivo	12	10
11	Procesos estándar en mástering de audio	Posproducción de audio no produto sonoro-musical, comping e outras técnicas de edición estandarizadas	12	9
12	Sistemas de síntese de son e tendencias contemporáneas da produción musical	Sistemas MIDI, emuladores analóxicos, sintetizadores, caixas de ritmos e tendencias contemporáneas de música electrónica	12	8

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Documentación técnica do espectáculo escénico	10

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Planifica a distribución das canles da mesa de mesturas segundo o desenvolvemento e a documentación do proxecto.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Realízase a ficha técnica ou rider, as listas de canles de entrada, o plano da situación de intérpretes sobre o escenario, os envíos de monitores, a cantidade e a altura das tarimas, e outros elementos.
CA2.3 Realízase unha listaxe do equipamento completo (altofalantes, cables, mesas, procesadores, racks, proxectores, pantallas, trípodes, etc.) para a realización dun proxecto sonoro.

4.1.e) Contidos

Contidos
Documentación artística e técnica do evento.
Interpretación e realización de diagrama de bloques (conectado).
Realización da ficha técnica ou rider, listas de canles de entrada, plano da situación de músicos sobre o escenario, envíos de monitores, cantidade e altura de tarimas, etc.
Interpretación e modificación de guións técnicos tipo: guión de mestura.
Técnicas de simplificación de montaxes e operacións.
Técnicas de mantemento do fluxo da comunicación entre departamentos.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Nocións de sonometría	10

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Axusta os equipamentos e o software de control, edición e mestura, aplicando os formatos de código de tempo, a relación máster/escravo, o uso de MIDI e os demais parámetros que interveñen na correcta sincronización dos equipamentos de son.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Axustáronse e calibráronse os niveis do sinal de audio no mestrador, comprobándoos no gravador e nos equipamentos periféricos, atendendo aos parámetros de calidade previstos (relación sinal/ruído, teito dinámico, dinámica da fonte, etc.).
CA1.2 Seleccioneuse o formato do sinal do código de tempo (TC) SMPTE/ EBU, axustando o nivel nos equipamentos que o utilicen e asegurando a súa funcionalidade nos equipamentos.
CA1.3 Configurouse a relación máster/escravo de word clock entre os equipamentos dixitais que o requiran, garantindo a correcta sincronización entre eles.

4.2.e) Contidos

Contidos
Emprego de códigos de tempo SMPTE/EBU.
Sincronización con word clock.
MIDI: MTC.
Redes de audio dixital.
Software de cambios de formato.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	A mesa de mestura de son: tipoloxía, topoloxía e operacións	12

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Axusta os equipamentos e o software de control, edición e mestura, aplicando os formatos de código de tempo, a relación máster/escravo, o uso de MIDI e os demais parámetros que interveñen na correcta sincronización dos equipamentos de son.	NO
RA2 - Planifica a distribución das canles da mesa de mesturas segundo o desenvolvemento e a documentación do proxecto.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.4 Realizáronse as conexións entrada/thru/saída de MIDI, programando os equipamentos que o utilicen e asegurando o funcionamento correcto de control destes equipamentos.
CA1.5 Configúranse as entradas e as saídas da interface de son co software de edición, axustando os niveis no hardware ou no software, e comprobouse o seu correcto funcionamento.
CA1.6 Acendéronse e apagáronse os equipamentos dixitais segundo a orde establecida, comprobando que se inicien correctamente, recoñecendo a xerarquía máster/esclavo e evitando perdas de configuracións ou datos.
CA1.7 Comprobouse que os equipamentos dixitais se comuniquen e se recoñezan na rede, no caso de habela, inspeccionando a súa configuración e as súas conexións.
CA2.2 Planificouse o conectouse mediante diagramas de bloques ou listas de canles, asegurando que se cumpran os requisitos técnicos e artísticos do proxecto de son.
CA2.4 Actualizouse a documentación relativa ao proxecto, reflectindo nos manuais de sala, nos diagramas de conexión, nos diagramas de bloques e nos planos todos os cambios e as modificacións que se produciran.

4.3.e) Contidos

Contidos
Emprego de códigos de tempo SMPTE/EBU. Sincronización con word clock. MIDI: MTC. Conversión entre códigos. Redes de audio dixital. Formatos de audio: tipos e características. Software de cambios de formato.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Sistemas DAW no entorno estudio: Steinberg Cubase	20

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Axusta os equipamentos e o software de control, edición e mestura, aplicando os formatos de código de tempo, a relación máster/escravo, o uso de MIDI e os demais parámetros que interveñen na correcta sincronización dos equipamentos de son.	NO
RA6 - Edita o son gravado aplicando ferramentas de software na consecución dos obxectivos comunicativos do proxecto.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.2 Seleccionouse o formato do sinal do código de tempo (TC) SMPTE/ EBU, axustando o nivel nos equipamentos que o utilicen e asegurando a súa funcionalidade nos equipamentos.
CA1.4 Realizáronse as conexións entrada/thru/saída de MIDI, programando os equipamentos que o utilicen e asegurando o funcionamento correcto de control destes equipamentos.
CA1.5 Configuráronse as entradas e as saídas da interface de son co software de edición, axustando os niveis no hardware ou no software, e comprobouse o seu correcto funcionamento.
CA6.1 Configuráronse os sistemas informáticos necesarios para a edición de ficheiros de son (tarxetas de son, computadores e sistemas de monitorización de son e imaxe), conectándoos co resto do equipamento necesario, para poder efectuar edicións de ficheiros de
CA6.2 Realizouse unha copia de seguridade do material orixinal gravado, asegurando que os ficheiros estean fisicamente gardados noutro dispositivo, para evitar a perda total do proxecto en caso de fallo dos equipamentos.
CA6.3 Valoráronse, mediante escoita selectiva, os ficheiros sonoros do proxecto, definindo os instrumentos ou as fontes sonoras que se vaian editar, confeccionando listaxes de ficheiros e accións que se vaian realizar, e organizándoos en cartafoles no computado

4.4.e) Contidos

Contidos
Emprego de códigos de tempo SMPTE/EBU.
Sincronización con word clock.
MIDI: MTC.
Conversión entre códigos.
Redes de audio dixital.
Formatos de audio: tipos e características.

Contidos
<p>Software de cambios de formato.</p> <p>Configuración e optimización do sistema operativo para a edición de audio dixital.</p> <p>Hardware de audio dixital.</p> <p>Software de edición e mestura de audio.</p> <p>Tarxetas e interfaces de audio/MIDI.</p> <p>Características técnicas e posibilidades: entradas e saídas de audio, liñas balanceadas e non balanceadas, conectadores, conexións dixitais, preamplificadores, conversores AD/DA, sincronización, conexión co host e número de canles en conexións MIDI.</p> <p>Dispositivos de almacenamento: disco ríxido, DVD, CD, memoria USB, etc.</p> <p>Técnicas de edición de ficheiros de audio.</p>

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Procesadores de sinal I: compresores e moduladores dinámicos	20

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Realiza e controla a mestura e o procesamento do audio durante o desenvolvemento en directo do espectáculo ou evento, respondendo axiña e eficazmente ante posibles imprevistos.	NO
RA6 - Edita o son gravado aplicando ferramentas de software na consecución dos obxectivos comunicativos do proxecto.	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Ordenáronse, identificáronse e clasificáronse de xeito preciso os materiais de reprodución sonora (CD, DVD, vídeo, ficheiros sonoros, etc.) para a súa mestura en directo ou para a súa gravación, seguindo a escaleta do espectáculo ou evento.
CA3.2 Realizouse a proba técnica e artística de son e reaxustáronse as ganancias das canles de entrada de cada instrumento ou músico, aplicando posibles atenuacións, realces e resonancias de determinadas bandas de frecuencia para un sinal dado, e realizando cor
CA3.3 Utilizáronse os procesadores de dinámica e os efectos de tempo, segundo cumpra, controlando o rango dinámico do sinal e situando o sinal no espazo temporal.

Criterios de avaliación
CA6.4 Limpáronse as pistas de audio, eliminando os ruídos ou sons non desexados que poderían crear problemas na edición e na mestura do proxecto sonoro.
CA6.5 Normalizáronse os ficheiros sonoros que se vaian utilizar no proxecto.
CA6.6 Editouse e mestrouse o son seguindo a documentación do proxecto, desprazando pistas para aliñar os ficheiros sonoros no tempo, eliminando os baleiros do principio e final, cortando e pegando segmentos de son para crear unha secuencia ou pista nova, e rea
CA6.7 Procesáronse pistas ou segmentos de audio aplicando os efectos específicos necesarios (compresión, expansión, autotune, etc.) segundo os requisitos do proxecto sonoro.
CA6.8 Gardouse ou exportouse a mestura final do proxecto sonoro no formato máis axeitado para a súa posterior reprodución, masterización e arquivamento, realizando unha copia de seguridade.

4.5.e) Contidos

Contidos
Operación de fontes de sinal.
Preparación de ficheiros informáticos e listas de reprodución (playlist).
Operación de mesas de mesturas analóxicas e dixitais. Superficies de control.
Operación de procesadores de sinal: frecuencia, dinámica e tempo.
Amplificación do son: preamplificadores e amplificadores de potencia.
Resolución de situacións en que non se poida levar a cabo o procedemento establecido.
Técnicas de mestura. Premesturas. Mestura básica con insercións e envíos. Elección de plugins.
Software de edición e mestura de audio.
Técnicas de edición de ficheiros de audio.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Procesadores de sinal II: dominio frecuencial	20

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Realiza e controla a mestura e o procesamento do audio durante o desenvolvemento en directo do espectáculo ou evento, respondendo axiña e eficazmente ante posibles imprevistos.	NO
RA6 - Edita o son gravado aplicando ferramentas de software na consecución dos obxectivos comunicativos do proxecto.	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Ordenáronse, identificáronse e clasificáronse de xeito preciso os materiais de reprodución sonora (CD, DVD, vídeo, ficheiros sonoros, etc.) para a súa mestura en directo ou para a súa gravación, seguindo a escaleta do espectáculo ou evento.
CA3.2 Realizouse a proba técnica e artística de son e reaxustáronse as ganancias das canles de entrada de cada instrumento ou músico, aplicando posibles atenuacións, realces e resonancias de determinadas bandas de frecuencia para un sinal dado, e realizando cor
CA3.3 Utilizáronse os procesadores de dinámica e os efectos de tempo, segundo cumpra, controlando o rango dinámico do sinal e situando o sinal no espazo temporal.
CA6.1 Configuráronse os sistemas informáticos necesarios para a edición de ficheiros de son (tarxetas de son, computadores e sistemas de monitorización de son e imaxe), conectándoos co resto do equipamento necesario, para poder efectuar edicións de ficheiros de
CA6.3 Valoráronse, mediante escoita selectiva, os ficheiros sonoros do proxecto, definindo os instrumentos ou as fontes sonoras que se vaian editar, confeccionando listaxes de ficheiros e accións que se vaian realizar, e organizándoos en cartafoles no computado
CA6.5 Normalizáronse os ficheiros sonoros que se vaian utilizar no proxecto.
CA6.7 Procesáronse pistas ou segmentos de audio aplicando os efectos específicos necesarios (compresión, expansión, autotune, etc.) segundo os requisitos do proxecto sonoro.

4.6.e) Contidos

Contidos
Operación de fontes de sinal.
Preparación de ficheiros informáticos e listas de reprodución (playlist).
Operación de mesas de mesturas analóxicas e dixitais. Superficies de control.
Operación de procesadores de sinal: frecuencia, dinámica e tempo.
Amplificación do son: preamplificadores e amplificadores de potencia.

Contidos
Resolución de situacións en que non se poida levar a cabo o procedemento establecido.
Técnicas de mestura. Premesturas. Mestura básica con insercións e envíos. Elección de plugins.
Hardware de audio dixital.
Tarxetas e interfaces de audio/MIDI.
Dispositivos de almacenamento: disco ríxido, DVD, CD, memoria USB, etc.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Procesadores de sinal III: dominio temporal	20

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Realiza e controla a mestura e o procesamento do audio durante o desenvolvemento en directo do espectáculo ou evento, respondendo axiña e eficazmente ante posibles imprevistos.	NO
RA6 - Edita o son gravado aplicando ferramentas de software na consecución dos obxectivos comunicativos do proxecto.	NO

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Ordenáronse, identificáronse e clasificáronse de xeito preciso os materiais de reprodución sonora (CD, DVD, vídeo, ficheiros sonoros, etc.) para a súa mestura en directo ou para a súa gravación, seguindo a escaleta do espectáculo ou evento.
CA3.2 Realizouse a proba técnica e artística de son e reaxustáronse as ganancias das canles de entrada de cada instrumento ou músico, aplicando posibles atenuacións, realces e resonancias de determinadas bandas de frecuencia para un sinal dado, e realizando cor
CA3.3 Utilizáronse os procesadores de dinámica e os efectos de tempo, segundo cumpra, controlando o rango dinámico do sinal e situando o sinal no espazo temporal.
CA6.2 Realizouse unha copia de seguridade do material orixinal gravado, asegurando que os ficheiros estean fisicamente gardados noutro dispositivo, para evitar a perda total do proxecto en caso de fallo dos equipamentos.
CA6.7 Procesáronse pistas ou segmentos de audio aplicando os efectos específicos necesarios (compresión, expansión, autotune, etc.) segundo os requisitos do proxecto sonoro.

Crterios de avaliación

CA6.8 Gardouse ou exportouse a mestura final do proxecto sonoro no formato máis axeitado para a súa posterior reprodución, masterización e arquivamento, realizando unha copia de seguridade.

4.7.e) Contidos
Contidos

Operación de fontes de sinal.

Preparación de ficheiros informáticos e listas de reprodución (playlist).

Operación de mesas de mesturas analóxicas e dixitais. Superficies de control.

Operación de procesadores de sinal: frecuencia, dinámica e tempo.

Amplificación do son: preamplificadores e amplificadores de potencia.

Resolución de situacións en que non se poida levar a cabo o procedemento establecido.

Técnicas de mestura. Premesturas. Mestura básica con insercións e envíos. Elección de plugins.

Configuración e optimización do sistema operativo para a edición de audio dixital.

Características técnicas e posibilidades: entradas e saídas de audio, liñas balanceadas e non balanceadas, conectadores, conexións dixitais, preamplificadores, conversores AD/DA, sincronización, conexión co host e número de canles en conexións MIDI.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Control de son FOH	20

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Planifica a distribución das canles da mesa de mesturas segundo o desenvolvemento e a documentación do proxecto.	NO
RA3 - Realiza e controla a mestura e o procesamento do audio durante o desenvolvemento en directo do espectáculo ou evento, respondendo axiña e eficazmente ante posibles imprevistos.	NO

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.5 Planifícaronse as entradas (pés), consultando o libreto ou guión técnico, e actualízouse en caso necesario, para incluír os cambios de microfonía (segundo o cambio de vestiario), de planos sonoros, e de entrada de actores, de actrices e outros, para o seu
CA3.4 Mestrouse o son do proxecto sonoro, realizando operacións cos sinais na mesa de mesturas como mutear ou desmutear canles, panoramizar instrumentos, usar as funcións de PFL ou solo, monitorizar os niveis dos sinais e realizar a mestura artística, conseguí
CA3.5 Realízouse a previsión da acción en situacións complexas, seguindo o guión ou a escaleta, anticipando os eventos próximos e dando o pé de entrada á acción, comunicándollo ao operador a viva voz ou aplicando códigos de comunicación xestual estandarizados

4.8.e) Contidos

Contidos
Operación de fontes de sinal.
Operación de procesadores de sinal: frecuencia, dinámica e tempo.
Radiación do son: altofalantes e caixas acústicas.
Adestramento auditivo.

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	Subsistemas de monitoraxe escénica: deseño, cobertura e timbrado	20

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Configura e axusta os envíos a monitores e a resposta destes, asegurando unha cobertura uniforme en presión e frecuencia e unha escoita libre de realimentación, atendendo ás necesidades de protagonistas escénicos.	SI
RA5 - Axusta os sistemas de monitoraxe no oído para artistas que o necesiten, tendo en conta a súa camuflaxe e a realización da mestura necesaria para que as persoas intervinientes escoiten con calidade o seu sinal de referencia.	SI

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Garantiuse a escoita dos monitores por cada persoa destinataria (actores e actrices, intérpretes musicais, cantantes, relatores, etc.), para que dispoñan dunha boa referencia do seu son.
CA4.2 Configúranse os envíos da mesa de mesturas aos monitores de escenario, comprobando a escoita independente por cada persoa destinataria que así o precise (actores e actrices, intérpretes musicais, cantantes, relatores, etc.).
CA4.3 Realízase a mestura para cada envío cos sinais que lles sexan necesarios, modificándoo sobre a marcha durante a actuación, en caso necesario, para que o persoal artístico sinta comodidade co son de referencia.
CA4.4 Axústase o nivel xeral de cada envío de monitores para asegurar a escoita correcta por cada persoa destinataria (actores e actrices, intérpretes musicais, cantantes, relatores, etc.), garantindo que todas teñan unha referencia de escoita óptima.
CA4.5 Elimínanse as frecuencias que producen realimentación acústica no escenario, utilizando diversas técnicas, tales como a selección e a situación da microfona, a colocación dos monitores e a modificación da resposta de frecuencia.
CA5.1 Comprobanse as conexións e a operatividade da antena, os auriculares no oído e as petacas receptoras de cada artista, actor ou actriz.
CA5.2 Colócanse os auriculares no oído da persoa interviniente ou artista e verifícase que os axustes dos auriculares e a petaca queden asegurados, mesmo se o personaxe ten mobilidade.
CA5.3 Coordínase a súa colocación coas solucións de xastraría e peiteado, segundo as situacións.
CA5.4 Comprobase a transmisión e recepción da canle de transmisión e recepción de cada sistema de monitorización no oído.
CA5.5 Axústanse a mestura e o nivel, de xeito que se garanta a calidade do son transmitido á persoa interviniente ou artista, realizando as probas técnicas necesarias e utilizando outro equipamento receptor para monitorizar o sinal e comprobar a calidade da m

4.9.e) Contidos

Contidos
Configuración e situación dos monitores de escenario.
Tipos e características técnicas dos monitores. Elección do monitor axeitado.
Colocación e angulación dos monitores.
Configuración dos envíos desde a mesa de mesturas.
Aplicación de técnicas de mestura para monitores.
Ecuilibración dos monitores.

Contidos
Aplicación de ecualizadores gráficos e paramétricos. Elección de microfonía e monitoraxe para evitar acoples. Sistemas de monitoraxe persoal. Vantaxes e inconvenientes do uso dos sistemas de monitoraxe. Tipos de auriculares no oído usados e xeitos de fixación. Técnicas de limpeza. Técnicas e trucos de colocación, suxeición e camuflaxe de cápsulas e petacas. Operación de sistemas sen fíos no oído. Tipos e técnicas de mestura para monitores: compartida, persoal, mono, estéreo, dual-mono, mixMode, etc.

4.10.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
10	Coloración de sala e criterios de mestura técnicos e estéticos	12

4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Realiza e controla a mestura e o procesamento do audio durante o desenvolvemento en directo do espectáculo ou evento, respondendo axiña e eficazmente ante posibles imprevistos.	NO

4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.2 Realizouse a proba técnica e artística de son e reaxustáronse as ganancias das canles de entrada de cada instrumento ou músico, aplicando posibles atenuacións, realces e resonancias de determinadas bandas de frecuencia para un sinal dado, e realizando cor
CA3.3 Utilizáronse os procesadores de dinámica e os efectos de tempo, segundo cumpra, controlando o rango dinámico do sinal e situando o sinal no espazo temporal.
CA3.4 Mesturouse o son do proxecto sonoro, realizando operacións cos sinais na mesa de mesturas como mutear ou desmutear canles, panoramizar instrumentos, usar as funcións de PFL ou solo, monitorizar os niveis dos sinais e realizar a mestura artística, conseguí

4.10.e) Contidos

Contidos
Adestramento auditivo.

4.11.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
11	Procesos estándar en mástering de audio	12

4.11.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Edita o son gravado aplicando ferramentas de software na consecución dos obxectivos comunicativos do proxecto.	NO

4.11.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Configúranse os sistemas informáticos necesarios para a edición de ficheiros de son (tarxetas de son, computadores e sistemas de monitorización de son e imaxe), conectándoos co resto do equipamento necesario, para poder efectuar edicións de ficheiros de
CA6.3 Valoráronse, mediante escoita selectiva, os ficheiros sonoros do proxecto, definindo os instrumentos ou as fontes sonoras que se vaian editar, confeccionando listaxes de ficheiros e accións que se vaian realizar, e organizándoos en cartafolios no computado
CA6.4 Limpáronse as pistas de audio, eliminando os ruidos ou sons non desexados que poderían crear problemas na edición e na mestura do proxecto sonoro.
CA6.7 Procesáronse pistas ou segmentos de audio aplicando os efectos específicos necesarios (compresión, expansión, autotune, etc.) segundo os requisitos do proxecto sonoro.
CA6.8 Gardouse ou exportouse a mestura final do proxecto sonoro no formato máis axeitado para a súa posterior reprodución, masterización e arquivamento, realizando unha copia de seguridade.

4.11.e) Contidos

Contidos
Hardware de audio dixital.

Contidos
Características técnicas e posibilidades: entradas e saídas de audio, liñas balanceadas e non balanceadas, conectadores, conexións dixitais, preamplificadores, conversores AD/DA, sincronización, conexión co host e número de canles en conexións MIDI. Técnicas de edición de ficheiros de audio.

4.12.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
12	Sistemas de síntese de son e tendencias contemporáneas da produción musical	12

4.12.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Edita o son gravado aplicando ferramentas de software na consecución dos obxectivos comunicativos do proxecto.	NO

4.12.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Configúranse os sistemas informáticos necesarios para a edición de ficheiros de son (tarxetas de son, computadores e sistemas de monitorización de son e imaxe), conectándoos co resto do equipamento necesario, para poder efectuar edicións de ficheiros de
CA6.3 Valoráronse, mediante escoita selectiva, os ficheiros sonoros do proxecto, definindo os instrumentos ou as fontes sonoras que se vaian editar, confeccionando listaxes de ficheiros e accións que se vaian realizar, e organizándoos en cartafoles no computado
CA6.4 Limpáronse as pistas de audio, eliminando os ruídos ou sons non desexados que poderían crear problemas na edición e na mestura do proxecto sonoro.
CA6.7 Procesáronse pistas ou segmentos de audio aplicando os efectos específicos necesarios (compresión, expansión, autotune, etc.) segundo os requisitos do proxecto sonoro.
CA6.8 Gardouse ou exportouse a mestura final do proxecto sonoro no formato máis axeitado para a súa posterior reprodución, masterización e arquivamento, realizando unha copia de seguridade.

4.12.e) Contidos

Contidos
MIDI: MTC. Características técnicas e posibilidades: entradas e saídas de audio, liñas balanceadas e non balanceadas, conectadores, conexións dixitais, preamplificadores, conversores AD/DA, sincronización, conexión co host e número de canles en conexións MIDI.



Contidos

Dispositivos de almacenamento: disco ríxido, DVD, CD, memoria USB, etc.

Técnicas de edición de ficheiros de audio.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Control, Edición e Mestura de Son (MP1300) prográmase para o segundo curso, co que o seu cronograma extingue no mes de marzo para habilitar ao alumnado do réxime ordinario a súa integración no programa de prácticas. Para garantir o seu desenvolvemento, cada unidade didáctica se descompón en tarefas prácticas puntuables de 0 a 10 puntos (P), avaliados mediante unha rúbrica razoada conforme aos CAs ponderados conforme ao previsto nesta programación didáctica. Ao remate das actividades previstas, realizarase unha proba escrita sobre os contidos vencellados á UD (T) É imprescindible ter aprobadas ámbalas seccións para dar por aprobada a UD, cunha nota X resultante da expresión: $UDx=[P>5 \cdot 0,6] + [T>5 \cdot 0,4]$

A nota do trimestre resulta da ponderación das notas das UD impartidas durante o mesmo segundo se consigne nos informes de seguimento desta programación didáctica, conforme ao peso relativo dos instrumentos de avaliación descritos nela.

Os mínimos esixidos para superar a materia son:

- Axustáronse e calibráronse os niveis de sinal de audio no mestrador comprobándoos nos periféricos e axustándoos aos parámetros de calidade definidos
- Configuráronse as entradas e saídas co software de edición e a interfaz de audio
- Realizouse a ficha técnica ou rider coa lista de canles de entrada e a situación de intérpretes no escenario
- Realizouse unha listaxe do equipamento completo para a realización dun proxecto sonoro
- Planificáronse as entradas (pés) consultando o libreto ou guión técnico e actualizáronse en caso necesario
- Realizouse a proba técnica e artística de son reaxustando as ganancias de entrada de cada instrumento e aplicando realces e resonancias
- Utilizáronse os procesadores de dinámica e efectos de tempo segundo os requerimentos do proxecto
- Mestrouse o son do proxecto mesturando sinais na mesa de mesturas muteando e desmuteando canles, panoramizacións, etc.
- Garantiuse a escoita dos monitores por cada persoa destinataria
- Configuráronse os envíos da mesa de mesturas para os monitores do escenario

- Axustouse o nivel xeral dos monitores para asegurar a escoita correcta para cada persoa destinataria
- Elimináronse as frecuencias que causan realimentación no sistema de audio

- Comprobáronse as conexións e operatividade da antena e petacas de cada artista

- Realizouse unha copia de seguridade do material gravado
- Valoráronse de forma selectiva os ficheiros sonoros do proxecto
- Normalizáronse os arquivos sonoros que se foran empregar no proxecto

Estes criterios mínimos aplican tanto á superación de cada avaliación parcial como a aquel alumnado en situación de PD. Este se someterá a unha proba teórico/práctica onde o peso relativo de cada un dos apartados será dun 40% e 60% respectivamente.

Será de especial atención evitar que o alumnado cometa plaxio, copia ou calisquera outra fórmula deshonestista de exercicio académico; singularmente o emprego de ferramentas de intelixencia artificial para a realización das tarefas da materia. Esixírase en ocasión a presentación dos exercicios de puño e letra do alumnado, así como a presentación de exercicios individualizados naquelas tarefas acometidas en grupo. A detección de calquera exercicio avaliable presentado mediante medios espurios desta caste conlevará como medida disciplinaria asumir a tarefa como non apresentada e suspender a materia para o alumnado implicado en tales prácticas.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Ao longo do curso, o alumnado que non superase satisfactoriamente a correspondente avaliación trimestral terá a posibilidade de avaliar novamente os seus coñecementos través dun exame a comezos do trimestre seguinte, ou a finais no caso do segundo trimestre.

No caso de non conseguir unha cualificación positiva a final de curso, deberá realizar satisfactoriamente unhas tarefas similares ás realizadas durante o ano académico no período de recuperación antes da avaliación extraordinaria, na cal terá que probar os seus coñecementos mediante un exame teórico-práctico, do cal se obterá a súa cualificación final. A cualificación será numérica, sendo imprescindible acadar un 5.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que teñan perdido o dereito á avaliación continua (aqueles cuxas faltas sen xustificar superen o 10% das horas totais do módulo) poderá presentarse a unha proba extraordinaria que se celebrará no mes de xuño e que estará composta de dúas partes:

1. Un exame escrito verbo os contidos verquidos durante o curso, onde debe demostrar o dominio dos Resultados de Aprendizaxe (RA) do módulo previstos no currículo oficial do mesmo (Decreto 200/2013, do 27 de decembro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Vídeo Disc-jockey e Son) a ser valorado entre 0 e 10 puntos, cun valor total dun 40% da proba
2. Un exercicio práctico- instrumental que estará composto dunha serie de prácticas ou supostos prácticos nos que demostre o dominio dos coñecementos procedimentales necesarios para acadar os Resultados de Aprendizaxe (RA) do módulo previstos no citado currículo oficial, a ser valorado mediante táboa de observación de 0 a 10 puntos, para un 60% ponderado da nota final da proba.

A proba extraordinaria se compón por tanto de dous instrumentos de avaliación (proba escrita e táboa de observación) cun peso correlativo dun 40% e un 60% correspondentemente cada un.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A orde de 12 de xullo de 2011 (DOG nº 136) da Consellería de de Educación e Ordenación Universitaria enfatiza no seu capítulo VIII a necesidade de realizar un proceso de avaliación continua durante o proceso formativo. Se ben a tal expresión compete estritamente a un dereito do alumnado entorno á adquisición de contidos e competencias, o docente debe ser o primeiro en estar sometido á crítica do seu labor e atender ao progreso da consecución dos obxetivos de aprendizaxe efectiva e real no alumnado.

Neste sentido, compréndese a dinámica da aula como un proceso de ensino e aprendizaxe recíproco, no que é a observación individualizada de cómo cada alumno e alumna interioriza os contidos e adquire destrezas o criterio sobre o que avaliar cales obxetivos están a ser axeitadamente interiorizados e cales non. Nestes segundos, optarase por un reforzo explicativo que, de seguir sin ter efecto, aconsellará a busca dun enfoque pedagóxico alternativo que permita unha aproximación operativa por outros medios explicativos aos contidos.

Como punto de partida psico-pedagóxico, tómase á aprendizaxe significativa de David P. Ausubel; de forma que aqueles coñecementos xa coñecidos polo alumnado sexan o vector elemental para os novos contidos que deben ser adquiridos. A práctica docente demostra a relativa abundancia entre o alumnado de perfís con algunha práctica no mundo do son; ben no campo do son directo ou na produción musical, perfís con alta disposición ao traballo que adoecen, en cambio, dunha falta de estrutura sistemática nos seus coñecementos, froito da práctica fragmentaria e do ensaio-erro. Será de especial interese orientar a este alumnado, demostrando na práctica a utilidade do manexo dos conceptos máis densos da materia.

Enténdese neste sentido a importancia da avaliación inicial, como se desenvolve no apartado 8.a. Como ferramenta de control obxetiva da adquisición de contidos conceptuais, realizarase ao longo de todo o curso

unha táboa de observación dos exercicios prácticos e probas escritas, onde se obterá a media aritmética da aula. De forma lóxica, entenderase que esta media de grupo debería ser ascendente no tempo, tomándose as medidas de reforzo necesarias se o índice se estancase ou mesmo resultara decrecente.

En tanto formación capacitante para o exercicio responsable dun posto de traballo na sociedade, será de especial importancia a xestión da dinámica do grupo na adquisición de contidos procedimentais e actitudinais de respecto mutuo, responsabilidade persoal e fomento da excelencia nos resultados. O contexto relacional do espazo de traballo docente constitúe unha base irrenunciable para o desenvolvemento do módulo.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

No marco do Decreto 229/2011 do 7 de decembro, que regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, defínese a atención á diversidade como o conxunto de medidas e accións destinadas a adecuar a resposta educativa ás diferentes necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

O sistema educativo debe dar cabida a un alumnado moi heteroxéneo, que abrangue dende alumnos de culturas diferentes ata necesidades educativas especiais ou medidas específicas de apoio. É por isto necesario, conforme o definido polo artigo 8 de dito regulamento, incorporar medidas que faciliten a adecuación do currículo prescritivo ao contexto sociocultural do grupo e as características do alumnado, sen alterar significativamente os obxectivos da programación, nin os contidos e criterios de avaliación.

Para poder levar a cabo estas medidas, debemos coñecer os intereses e puntos de partida do alumnado, polo que os elementos empregados para a avaliación inicial son:

- a) Cuestionario verbal inicial para coñecer as características do grupo
- b) Seguemento a través dos procesos e resultados obtidos nas primeiras prácticas

Transcurridas as primeiras semanas do curso se poderá entón definir ao grupo entorno ás súas características xerais, a súa disposición e capacidade de aprendizaxe, a relación interpersonal e os hábitos de traballo e o punto de partida e evolución do grupo.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Consistirán basicamente no establecemento de tarefas complementarias, según as necesidades dos alumnos con necesidades específicas, co seguimento do profesor.

O módulo implica pola súa propia natureza un esforzo físico considerable, polo que se declara especial fincapé nas medidas de correcta biomecánica e calistenia por parte do alumnado na montaxe dos equipamentos, prestando atención singular a aquel alumnado con dificultades físicas, aplicando medidas de reforzo.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Esta programación entende como finalidade última do proceso educativo a formación integral do alumnado través dun constante principio procedemental de adquisición de destrezas e traballo en valores través da praxe profesional que lle permitan escoller con criterio as súas eleccións na vida como individuos responsables, asumindo a xestión do risco dende o coñecemento, capaces de valerse por si; en definitiva, individuos libres, responsables e xeneradores de valor no ámbito social.

Decláranse como principios axiolóxicos:

- A práctica sistematizada do pensamento crítico, a dúbida racional e a argumentación lóxica como hábitos elementais e puntos de partida para a elaboración dun plano de vida responsable no plano persoal, cidadán e profesional.
- O respecto entre todas e todos os membros da comunidade educativa, a convivencia, a tolerancia, a empatía, a observación estricta da liberdade de conciencia e expresión e a resolución pacífica dos conflitos.
- A igualdade entre mulleres e homes, segundo o establecido no artigo 9 da lei 7/2004 de 16 de xullo para a igualdade da Xunta de Galicia, que consagra o eido educativo como un dos seus principais promotores. O ámbito do VídeoDj contemporáneo, singularmente a música electrónica, amosa unha ratio de mulleres en primeira línea da produción musical moi superior a case calquera outro ámbito da produción cultural, o que se terá en constante consideración á hora de amosar exemplos na aula. Actuarase en todo momento dentro do respecto aos dereitos e deberes fundamentais na igualdade de dereitos e oportunidades.
- A solidariedade e integración co alumnado con necesidades especiais, singularmente con aquel que amose discapacidade, non só evitando situacións de discriminación senon construíndo en positivo cohesión do grupo.
- O pleno desenvolvemento das capacidades persoais, a responsabilidade individual, o esforzo e a autosuperación, a práctica interiorizada da disciplina e rigorosidade laboral, a autoesixencia, a destreza profesional, a procura da excelencia no traballo realizado, a adquisición de hábitos intelectuais e científicos, e o cultivo da curiosidade, a paciencia e o traballo como motor do coñecemento.
- A articulación do módulo busca, idealmente, funcionar parella ao concepto de antifraxilidade proposto por Nassim N. Taleb; dinámica orgánica capaz de evolucionar obtendo vantaxe da aparición do inesperado, o azaroso; dos estresores pedagóxicos, temáticos e persoais que aparezan ao longo do curso. Dentro dos límites sinalados por esta programación, educar ao alumnado na toma de decisións áxil, sólida e fundamentada, preparada para afrontar a aparición da continxencia, será clave tanto como factor motriz fundamental do proceso pedagóxico na aula, como actitude estrutural na futura actividade profesional.

Farase especial énfase no alumnado na adquisición do celo profesional, o rigor nas decisións técnicas e o compromiso persoal coa calidade do proceso de sonorización, procurando un rápido engarce a aquel alumnado que opte pola integración inmediata no mercado laboral, singularmente no campo do son directo.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

O ciclo dispón de tres espazos de uso que lle son propios; unha aula de fasquía convencional, na que ten lugar o groso da formación do primeiro curso, unha aula na que un espazo de traballo cun pequeno truss partilla delimitación cun aula convencional e unha aula técnica insonorizada cun amplo estudo dotado de paneis de acondicionamento móbiles e dous estudos de control. Instalación e Montaxe de Equipamentos dse son tería lugar fundamentalmente na aula de primeiro curso, empregando de xeito intensivo a aula técnica e, sobre todo, o teatro do centro, como lugar no que poder levar a cabo as instalacións efémeras máis ambiciosas. Contéplase a colaboración co Departamento de Música para entrar en contacto con artistas aos que involucrar nos exercicios do módulo, así como co Departamento de Educación Física para aquelas medidas de reforzo oportunas no desenvolvemento das destrezas físicas axeitadas para a correcta manipulación das cargas de equipamento de son.

Malia que corresponde ao departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares (DACE) a coordinación das actividades educativas organizadas fóra do centro escolar, no ámbito do módulo s, procurarase propoñer saídas didácticas como reforzo á secuencia das unidades previstas, estando especialmente atento o docente a aquelas actividades culturais que ofrezan posibilidades de entrar en contacto con aquel equipamento técnico profesional non disponible no centro.

Do mesmo xeito, programaranse visitas a salas con sistemas fixos de sonorización da contorna de Compostela, como Capitol ou Pelicano, xa que é o equipamento de clubbing fundamental no ámbito profesional pero que, á vez, é máis alleo ás posibilidades técnicas dun IES como o Xelmírez I. Achegar ao alumnado a montaxes de son efémeras de relevancia na cidade será de interese singular, así como achegar a profesionais do son directo para intercambiar co alumnado experiencias e técnicas.

Asimesmo se procurará unha integración fluída nas dinámicas do módulo con artistas musicais de distinta índole, dada a súa capital importancia para acadar os resultados de aprendizaxe previstos no curriculum.

10.Outros apartados

10.1) Bibliografía

Estructural:

Barker, Felton et al. The Secrets of Dance music production, Attack, 2014

Brixen, E. Audio metering. Measuring, standards and practice, Focal Press, 2021

Davis G. & Jones, R. Sound Reinforcement Handbook, Yamaha, Los Angeles (California) 1990 (2ªed)

Díaz, M. et al. Electroacústica, Altaria, Madrid, 2018 (2ªed)

García Trasancos, J. Electrotecnia, Paraninfo, Barcelona, 2009

Martí Faus, J. El Line Array, autoedición, 2017

Pastor López, J. Sistemas de Sonido. McGraw Hill, Madrid, 2006

Olson, H. Elements of acoustical engineering, (ed. facsimilar, Scholar Select, New York, 2017)

Recruero, M. Técnicas de Gravación Sonora, IORTV, Madrid, 1982

Ruiz Vasallo, J. Equipos de Sonido, CEAC Electrónica, Barcelona, 2004

VVAA; Guide of acoustical practices, British Broadcast Corporation (BBC) Londres, 1996

Zbar, Rockmayer e Bates, Prácticas de Electricidad, Marcombo, Barcelona, 2004

Avanzada:

Allen, A. Music Theory for electronic producers, SLAM Academy, 2019

Alton, R. Master Handbook of Acoustics, McGraw Hill, Londres, 2002

Ballou, Glenn (ed.) Handbook for Sound Engineers, Routledge, Londres, 2015 (5ªed)

Digón, A. y Ferrer, P. Configuración y ajustes de sistemas de sonido, Altaria, Madrid, 2018

French, A.P. Vibraciones y Ondas, MIT University Press, 1981

McCarthy, B. Sistemas de Sonido: Diseño y Optimización, Alvalena, Sevilla, 2009

Toulson, R. Drum Sound and Drum tuning, Focal Press, 2021

VVAA, Sound System Design Reference Guide, JBL, Londres, 1999

· Pedagóxica

Rosellini, R. Un espíritu libre no debe aprender como esclavo, Barcelona, Paidós, 2008

Sánchez Tortosa, J. El culto pedagógico, AKAL, Madrid, 2019

Taleb, N., Antifragile. The things that gain from disorder. Penguin, Londres, 2020

id: Skin in the Game. Hidden asymmetries in ordinary life. Penguin, Londres, 2022

· Legal

REBT: Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión (RD 842/2002) Última actualización BOE 16 de marzo 2022

Decreto 200/2013 de 27 de decembro polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Vídeo Disc-Jockey e Son (DOG número 62 de 31 de marzo de 2014)

Orde de 12 de Xullo de 2011 da Consellería de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria que regula o desenvolvemento, avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial (DOG núm 136 de 15 de xullo)



Ley 10/2017 de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia (BOE 729 2017)